

ALEXANDROS PAPADIAMANDIS

A asasina

Traducido por
Susana Losada Soto e Margarita Olivar Roldán



Hugin e Munin

Medio recostada cerca do fogar, cos ollos pechados, a cabeza apoiada no bordo da lareira, a tía Khadula¹, coñecida por todos como Fránguisa² a de Ianis, non durmía senón que sacrificaba o sono a carón do berce da súa neta enferma. A parturiente, a nai da criatura doente, adormecera pouco antes no seu mísero xergón.

O pequeno candil tremía pendurado da cambota. Daba máis sombra ca luz sobre os escasos e ruíns mobles, que semellaban máis limpos e dignos durante a noite. Tres pitelos medio queimados e unha acha grande de pé no lume botaban moita cinza, pouca brasa e rara vez tremelicaba algunha lapa, facendo que a vella recordase no medio do seu sono a súa filla pequena ausente, Krinió, que, de atoparse no cuarto, murmuraría con ton falangueiro aquilo de «Se é amigo, que lle vaia ben; se é inimigo, que rebente».

Khadula, a chamada Fránguisa ou tamén Frangoianú, era unha muller duns sesenta anos, ben feita, de trazos fortes, de carácter masculino, cuns pelos nos extremos por riba dos beizos. Nas súas matinalas, recapitulando toda a súa vida, vía que non fixera nada máis que servir os demais. Cando era nena servira para os seus pais, cando

¹N. das T. Emprégase a grafía *kh* para reflectir o son aspirado fricativo velar da lingua grega, equivalente á gheada galega.

²N. das T. A protagonista é chamada na obra polo seu nome de pía, Khadula, e por distintas formas tomadas do nome e o apelido do seu home, Ianis Frangos: Fránguisa, Frangoianis, Frangoianú, Ianú.

casara convertérase na escrava do seu home, aínda que polo seu carácter e pola debilidade daquel foi ao mesmo tempo tamén a súa guía. Cando pariu fillos, converteuse na súa criada; cando os fillos pariron fillos, converteuse de novo na serva dos netos.

A pequena nacera había dúas semanas. A nai tivera un parto difícil. Era a que durmía na cama, a primoxénita de Frangoianis, Delkharó a de Trakhilis. Apuráranse a bautizala o décimo día porque estaba moi doente; tiña unha tose moi fea, quizais tose ferina, acompañada de síntomas case espasmódicos. En canto a bautizaron, a criatura pareceu mellorar algo; a primeira noite a tose recuou. Durante moitas noites Frangoianis non pegara ollo nin pechara as pálpebras velando a carón daquel pequeno ser, que non podía imaxinar canto traballo lles causaba aos demais e cantos padecementos ía sufrir el tamén se sobrevivía. E non podía nin sospeitar a pregunta que só a súa avoa se facía: «Meu Deus, por que tivo que vir tamén ela ao mundo?»

A vella arrolábaa e sería quen de facer cancións dos seus sufrimentos sobre o berce da meniña. De feito, nas noites anteriores, «delirara» evocando todas as súas amarguras con teimosía. En imaxes, en escenas e en visións rememorara toda a súa vida, inútil, va e dura.

O seu pai era aforrador, traballador e prudente. A súa nai era mala, malfalada e envexosa.

Era unha das bruxas do seu tempo. Sabía de meigallos. Perseguírana dúas ou tres veces os bandoleiros, os mozos bravos de Karatasos e Gatsos³ e doutros xefes guerrilleiros de Macedonia. Fixeran isto para se vingaren porque lles botara mal de ollo e non lles ía ben o choio. En tres meses non deran ningún golpe e non rapinaran nada nin de

³N. das T. Karatasos e Gatsos foron dous líderes do exército grego durante a Guerra da Independencia contra os turcos (1821-1832).

